

Presentación de materia

Materia	Física e Química	Curso	2º ESO
----------------	-------------------------	--------------	---------------

OBXECTIVOS E CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1ª Avaliación	<p>Actividade científica: método científico, a medida, o traballo no laboratorio.</p> <p>A materia: propiedades. Sustancias puras e mesturas.</p> <p>Sistemas materiais(I) :Estados da materia. Cambios de estado.</p>
2ª Avaliación	<p>Sistemas materiais (II) :Leis dos gases</p> <p>Os cambios físicos e químicos. A reacción química.</p> <p>O movemento.</p>
3ª Avaliación	<p>As forzas</p> <p>A Enerxía</p>

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Serán os que se recollen na programación didáctica do departamento, que poderá consultarse na páxina web do centro.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos utilizados para a avaliación do alumnado serán probas escritas e táboas de indicadores (tarefas diarias de aula ,actividades de laboratorio, cuestionarios edixgal,traballos, presentacións..etc).

A cualificación resultará da seguinte ponderación:

70% da cualificación das **probas escritas**

30% procederá das **táboas de indicadores**.

A cualificación dun trimestre realizarase do seguinte xeito:

1.Cualificación procedente de táboas de indicadores

Procede de : prácticas de laboratorio, proxectos de investigación,tarefas diarias ..etc

Calcúlase facendo a media aritmética das diferentes cualificacións obtidas(por exemplo, se ten dúas notas, unha procedente de actividade de laboratorio e un proxecto de investigación, a nota de TI será a media de ambas).

A cualificación obtida será **TI**



2.Cualificación procedente de probas escritas

-Realizaránse probas escritas(controis) ao longo do trimestre sobre os CA contemplados nesa parte do trimestre.A cualificación será a media aritmética dos controis e simbolízase por C.

-Realizase unha proba escrita ao final do trimestre sobre todos os CA contemplados no trimestre. A cualificación simbolízase por E

A cualificación procedente das probas escritas para o trimestre será:

$$PE= C+2E/3$$

A cualificación do trimestre (T), será o resultado de aplicar un 70% a cualificación da proba escrita e o 30% a cualificación das táboas de indicadores(TI) :

$$\text{Nota trimestre } T = 0,7PE + 0,3 TI$$

Aclaración: tanto as probas escritas como as táboas de indicadores avalían directamente os CA , de xeito que a nota acadada na proba escrita ou na táboa será a nota do CA avaliado nelas.

A cualificación final será o resultado de facer media aritmética das cualificacións dos tres trimestres sempre que a nota de cada un deles sexa de 5 ou superior.

Recuperacións

Se rematado o trimestre o alumno ou alumna ten unha nota menor de 5 no trimestre , deberá recuperar dito trimestre realizando una proba escrita. A nota da recuperación, se é 5 ou superior,será a que se terá en conta para facer a media da cualificación final do curso .

Antes de rematar o curso, o alumnado terá a opción de recuperar de novo algún dos trimestres ou ben, tendo superada a materia, mellorar a cualificación dalgún deles facendo a proba deseñada polo departamento.